

Álvaro Guitián

Álvaro Guitián

Axudante Militar de Mariña en Cangas entre o 18/6/1907 e o 13/5/1911, sendo tenente de navío. O 2/5/1991 pronuncia o seu discurso perante a Junta Superior De Pesca De Madrid, a favor da Ardora, publicado no *Diario da Marina*.

Promoveu e coordinou a construción da estación meteorolóxica (quiosco do reloxo) para a frota de traíñas en 1907/8.

Foi Almirante, e na república destacouse como militar republicano. En 1932 Álvaro Guitián, Almirante da Escadra Española, en Alicante expresa o seu desexo de celebrar unha gran revista naval en Vigo.



Estivo en Vigo, onde pretendeu facer unha demostración de Adhesión a república pola Armada.

A finais de Novembro, do 1931 o cruceiro *Miguel de Cervantes* có almirante Álvaro Guitián ao mando estivo na ría. O día 20 unha comisión do Concello acompañados por representantes das sociedades "El Progreso Pesquero" e "El Recreo Marítimo", da que o Almirante era presidente honorario, fóronno cumprimentar a bordo do cruceiro.

Ao día seguinte, A. Guitián visitou Cangas recibindo unha solemne recepción no Concello entre o disparo de foguetes e os sons da banda municipal. O domingo celebrouse un partido benéfico pro damnificados da Dolores, traíña que naufragaba o día 7 de outubro con cinco tripulantes a bordo, entre o Alondras e un equipo de mariñeiros do cruceiro.

En outubro de 1931 é cando se pon o nome da rúa Almirante Álvaro Guitián, á unha das saídas do núcleo urbano, a que sae do Eirado do Costal pola Praza de Sínghlis.

